

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA
29 DE DECEMBRO DE 2006.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnosó.

Asistentes:

D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
D^a Alicia Martínez González.
D. Xosé Anxo González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D^a Rita María Couto Seijido.
D. José Iván Puentes Rivera.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D^a Carmen Goti Ramil.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.
D^a Isabel Blanco Pico.
D^a Amalia Malvar Fernández.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

Interventora:

D^a M^a Luisa López Bouza.
Intervenitora accidental.

Secretaria:

D^a M^a del Pilar Acebes Ruano.
Secretaria accidental.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as once horas e cinco minutos do día vinte e nove de Decembro de dous mil seis, réunese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Isabel Blanco Pico, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión, a interventora accidental do Concello D^a M^a Luisa López Bouza, e actúa como secretaria Dona M^a del Pilar Acebes Ruano, secretaria accidental do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**“1º.- MODIFICACIÓN DAS OBRAS A INCLUIR NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E
SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2007.-**

Seguidamente dáse conta da Proposta da Alcaldía en relación ao asunto do epígrafe e que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Resultando que en data 30 de novembro de 2006, polo Pleno da Corporación acordouse aprobar o Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o ano 2007 no que se recolleron os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2007.

Considerando que segundo se informáu polo técnico municipal, algunhas das actuacións ás que se refería o proxecto de dotación de servizos e pavimentacións en núcleos de Fene non se axustan ao planeamento vixente e polo que respecta ao proxecto “Proxecto de reapertura e pavimentación da rúa Mundín” non se axusta ao planeamento vixente.

Considerando, polo tanto, necesario proceder á substitución de determinadas obras a incluír no Plan de Cooperación das obras e servizos de competencia municipal.

Vistos o novo proxecto técnico da obra “Dotación de servizos e pavimentacións en núcleos de Fene” e o proxecto de “Mellora de Seguridade vial na Avda. Marqués de Figueroa dende P.K. 0.755 ata P.K. 0+820 (Marxe dereita)”, redactados polo enxeñeiro Don Marcelino López Méndez.

Visto o informe do Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal de data 20 de decembro de 2006, emitido en relación ao proxecto de dotación de servizos e pavimentación en núcleos de Fene”, que transcrito dí:

“Asto.: **INFORME SOBRE “PROXECTO DE DOTACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIONES EN NÚCLEOS DE FENE”.** Consultor: **PROYFE, S.L.**. Autor: **Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ.** Novembro 2.006. **Importe total investimento: 325.881,69 €**

En relación co proxecto do asunto, o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte informe:

1.- O proxecto do asunto, modificación dun primeiro documento informado en data 29 de novembro de 2.006 de xeito parcialmente desfavorable por inadecuación ao PXOM/Rev. 98 inclúe agora obras de:

- Abastecemento na marxe dereita da Estrada da Palma (AC-133) en Maniños, entre o Río Ba e o límite do Concello de Fene con Mugarbos.

Tubería de FD de ϕ 150 mm e 665 m de lonxitude con válvulas e outros elementos, incluíndo a reposición dos pavimentos.

- Abastecemento de auga en Almieiras (Limodre), con tubería de PE de ϕ 63 mm (55 m) e PE de ϕ 90 mm (905 m de lonxitude), incluíndo tamén a reposición dos pavimentos afectados.

- Saneamento no Camiño de Lubián (1ª Fase) en Sillobre.

Tubería de Polipropileno (PP) de ϕ 315 mm e 838 m de lonxitude cos correspondentes pozos de rexistro en número de 22, incluíndo a reposición dos pavimentos.

- Saneamento en Monte da Cancela (Barallobre).

Tubería de Polietileno (Polipropileno, PP) de ϕ 315 mm e 172 m de lonxitude cos correspondentes pozos en número de 6, incluíndo a reposición dos pavimentos.

- Saneamento no Camiño do Cocallo (Barallobre).

Tubería de Polipropileno (PP) de ϕ 315 mm e 108 m de lonxitude cos correspondentes pozos en número de 4, incluíndo a reposición dos pavimentos.

- Saneamento na Fontenova (2ª Fase) (Magalofes).

Tubería de Polipropileno (PP) de ϕ 315 mm e 425 m de lonxitude cos correspondentes pozos en número de 11, incluíndo a reposición dos pavimentos.

- Pavimentación no Camiño de Chamoso Alto (Fene).

Actuación de ensanchamento do camiño existente en 9 m nunha lonxitude de 140 m, con pavimentación a base de regos asfálticos.

- Pavimentación no Camiño do Lodeiro de Arriba (Fene).

Actuación de apertura do camiño existente en 9 m de largura nunha lonxitude de 35 m e de 8 m de largura nos restantes 225 m, con pavimentación a base de regos asfálticos nunhas larguras respectivas de 7 e 6 m.

- Reurbanización da Avda. da Cooperación. Fase I (San Valentín).

Inclúe a demolición dos pavimentos existentes e substitución por una nova lousa e plaqueta superior similar á que se está a dispoñer na Avda. do Mar.

Simultaneamente disporase una nova rede de saneamento baixo os novos pavimentos.

2.- O proxecto inclúe os documentos básicos ou mínimos necesarios requeridos polo Art. 124 da L.C.A.P. e 125 a 133 do Regulamento da L.C.A.P.: Memoria e anexos, Planos, Prego de Condicións e Presuposto, para a definición das obras.

3.- Caben as seguintes observacións de carácter técnico de competencia do funcionario que suscribe ao documento:

3.1.- O abastecemento na marxe dereita da Estrada da Palma (AC-133) en Maniños, entre o Río Ba e o límite do Concello con Mugar dos, con tubería de FD de ϕ 150 mm e 665 m de lonxitude discorre na súa totalidade por solo urbano e os materiais empregados son perfectamente admisibles para o servizo a prestar.

Ainda que a nova rede non completa a urbanización xa que a reposición de pavimentos non supón a execución de beirarrúas, o proxecto cumpre nos aspectos urbanísticos de aplicación.

Sen embargo, faise constar que a titularidade da AC-133 corresponde á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia polo que a execución da obra requirirá a previa autorización do organismo titular da mesma.

Asimesmo, e debido a que a lonxitude total do novo tramo do abastecemento supera os 500 m (665 m > 500 m), en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 149/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto, polo que a aprobación quedaría condicionada en todo caso á cumplimentación de tal trámite en senso favorable aínda que tecnicamente a solución proxectada é correcta.

3.2.- O abastecemento de auga en Almieiras – Río Castro (Limodre), con tubería de PE de ϕ 63 mm (55 m) e PE de ϕ 90 mm (905 m de lonxitude) e que inclúe a reposición dos pavimentos afectados discorre por solo urbano ata o límite de éste no encontro da traza do vial coa liña de FF.CC. Betanzos-Ferrol, a partir do que o solo é Rústico: Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) e Solo Rústico de Especial Protección Ambiental (S.R.E.P.A.).

O material empregado é perfectamente admisible e usual para o servizo a prestar.

Sen embargo debo facer constar que ao tramo do novo ramal que discorre por S.R.A.U. e S.R.E.P.A. resúltalle de aplicación o Art. 33.2.f) da L.O.U.P.M.R.G. no senso de que a rede de abastecemento “non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede” pero tendo en conta que en tales tramos xa existe servizo de saneamento, acceso rodado e electricidade, a Corporación considerará o que estime procedente sobre si este servizo completa os servizos urbanos na zona aos efectos de autorización municipal, sin necesidade da autonómica, segundo Art. 36.1 da L.O.U.P.M.R.G.

Si se considera que o feito da clasificación como S.R.E.P.A. impide na práctica a urbanización a pesares dos servizos urbanos, resultaría admisible, con tal consideración, a implantación do novo servizo.

Agora ben, ademais do anterior a distancia de 100 m de afección á costa na que se inclúe o S.R.E.P.A. fai que calquera actuación requira o previo informe e aceptación por parte da Demarcación de Costas polo que haberá de estarse ao que a tal efecto considere este organismo que debe informar esta parte do Proxecto por razóns de competencia.

Xunto ao anterior cabe indicar que o paso da conducción sobre a liña de FF.CC. Betanzos-Ferrol, por razón de titularidade da mesma e seguindo anteriores antecedentes, requerirá a aprobación do organismo titular, ADIF.

Asimesmo, e debido a que a lonxitude total do novo tramo do abastecemento supera os 500 m ($55 + 905 = 960 \text{ m} > 500 \text{ m}$), en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 149/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto, polo que a aprobación quedaría condicionada en todo caso á cumplimentación de tal trámite en senso favorable aínda que técnicamente a solución proxectada é correcta.

3.3.- O saneamento no Camiño de Lubián (1ª Fase) en Sillobre discorre por un vial de titularidade municipal que á súa vez cruza Solo Rústico de Especial Protección Ambiental (S.R.E.P.A.), polo que lle resulta de aplicación o Art. 33.2.f) da L.O.U.P.M.R.G. no senso de que a rede de saneamento “non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede” pero tendo en conta que en tales tramos non existe servizo de abastecemento e que o feito da clasificación como S.R.E.P.A. impide na práctica a urbanización a pesares dos servizos urbanos (en particular o novo saneamento), neste caso resultaría admisible, con tal consideración e en interpretación do funcionario que suscribe, a implantación do novo servizo, si ben a Corporación considerará o que estime procedente sobre si este servizo completa os servizos urbanos na zona aos efectos de autorización municipal, sin necesidade da autonómica, segundo Art. 36.1 da L.O.U.P.M.R.G.

3.4.- O saneamento en Monte da Cancela discorre tamén polo Camiño de Casal de Sandulfe ata a Rúa Penedo (Barallobre) a través de Solo Urbano U-2.

Tanto polo material empregado como pola disposición seguindo o viario público aínda que non se completan os servizos públicos xa que falta a pavimentación dos referidos viais o proxecto resulta admisible urbanísticamente, non precisándose doutras autorizacións alleas ao Concello.

3.5.- O saneamento no Camiño do Cocallo (Barallobre) discorre a través de Solo Urbano U-2.

Tanto polo material empregado como pola disposición seguindo o viario público ainda que non se completan os servizos públicos xa que falta a pavimentación dos referidos viais o proxecto resulta admisible urbanísticamente.

3.6.- O saneamento na Fontenova (2ª Fase) (Magalofes), de 425 m de lonxitude con reposición dos pavimentos afectados, discorre por un vial municipal que á súa vez cruza o Solo de Núcleo Rural (S.N.R.) de Fontenova e Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.), polo que lle resulta de aplicación o Art. 33.2.f) da L.O.U.P.M.R.G. no senso de que a rede de saneamento “*non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede*” pero tendo en conta que en tales tramos non existe servizo de abastecemento resultaría admisible considerar que o novo servizo non completa os necesarios para dispor dunha dotación dos servizos básicos mínimos, si ben a Corporación considerará o que estime procedente sobre este aspecto, aos efectos de autorización municipal, sin necesidade da autonómica, segundo Art. 36.1 da L.O.U.P.M.R.G.

Deberá resolverse a situación creada para dar servizo a vivendas situadas xeográficamente en Cabanas pero que están no límite con Fene.

3.7.- A pavimentación no Camiño de Chamoso Alto (Fene) inclúe a actuación de ensanchamento do camiño existente en 9 m nunha lonxitude de 140 m, con pavimentación a base de regos asfálticos.

Este vial, que discorre por solo urbano entre normas zonais de L.M. e U-2 sobre un vial existente de largura moi reducida, está recollido no PXOM/Rev. 98 cunha largura de 9 m o que orixina diversas afeccións a edificacións existentes.

O proxecto recolle a apertura sin afección ás edificacións fóra de aliñación, dispoñendo un pavimento a base de tratamentos superficiais asfálticos sin construción de beirarrúas.

Polo tanto, aínda que a adecuación da traza básica ao PXOM/Rev. 98 permite considerar a súa admisibilidade, debe entenderse que ao tratarse de solo urbano unha completa urbanización e adecuación requiriría a execución de beirarrúas e completar os servizos necesarios.

En consecuencia faise constar que a admisibilidade urbanística só se pode entender considerando a obra como unha primeira fase de urbanización xa que non se completa a mesma.

3.8.- A pavimentación no Camiño de Lodeiro de Arriba (Fene) inclúe a actuación de ensanchamento do camiño existente en 9 m nunha lonxitude de de 35 m en S.U.C.R. e seguidamente o ensanchamento ata 8 m nun tramo de aprox. 220 m que discorre por S.R.A.U., con pavimentación a base de regos asfálticos.

Este vial, que como se indica discorre por solo urbano nun primeiro tramo en norma zonal de U-2 sobre un vial existente de largura moi reducida, está recollido no PXOM/Rev. 98 cunha largura de 9 m no citado tramo mentras que no tramo en S.R.A.U. non figura dimensión de largura.

Considerando que se trata dun vial existente aplícase o criterio habitual do Concello de considerar que a largura será a establecida con carácter xeral de 8,00 m para tal tipo de camiños polo que resulta aceptable o plantexamento do proxecto, que dispón un pavimento a base de tratamentos superficiais asfálticos sin construción de beirarrúas.

Polo tanto, aínda que a adecuación da traza básica ao PXOM/Rev. 98 permite considerar a súa admisibilidade, debe entenderse que ao tratarse de solo urbano no tramo inicial unha completa urbanización e adecuación requiriría a execución de beirarrúas e completar os servizos necesarios.

En consecuencia faise constar que a admisibilidade urbanística no tramo urbano de 35 m só se pode entender considerando a obra como unha primeira fase de urbanización xa que non se completa a mesma.

Non se prexulga no anterior a dispoñibilidade dos terreos a ocupar que haberá de resolverse no seu caso mediante o correspondente expediente de expropiación ou adquisición.

3.9.- A reurbanización parcial da Avda. da Cooperación propón unha actuación sobre un espazo preexistente no que se modifica a aliñación de bordiño e aparcamento existente con substitución parcial dos pavimentos peonís.

A solución adoptada, aínda que non resolve a totalidade da mazá de dous bloques na que se actúa é unha solución válida por razóns entendida por limitacións presupostarias.

4.- Por un erro formal xa indicado no informe precedente, deben modificarse os planos para incluír o escudo do Concello de Fene xa que o representado non corresponde a Fene.

5.- En resumo, o Proxecto **infórmase favorablemente coas observacións apuntadas** en canto ás actuacións en solo rústico reflectidas nos apartados 3.2, 3.3 e 3.6.

Reitérase asimesmo a necesaria tramitación para autorización por Costas e Sanidade, cada un dos organismos en función das respectivas competencias, da actuación do Abastecemento de auga en Almieiras (Limodre). En tanto non se resolva favorablemente sobre tales autorizacións o presente informe debe entenderse provisional e condicionado a posibles imposicións por tales organismos.

6.- Proponse que no sucesivo aos proxectos redactados fóra do Concello se lles requira a inclusión das obras proxectadas con referencia de situación aos planos de clasificación e calificación do solo segundo planeamento vixente para facilitar a comprensión e tramitación allea ao Concello cando se requira por razóns competenciais.”

Visto o informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal de data 20 de decembro de 2006, emitido en relación ao “Proxecto de mellora de seguridade vial na Avda. Marqués de Figueroa dende P.K. 0+755 ata P.K. 0+820 (Marxe dereita)”, que transcrito di:

“Asto.: **INFORME SOBRE “PROXECTO DE MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA AVDA. MARQUÉS DE FIGUEROA DENDE P.K. 0+755 ATA P.K. 0+820 (MARXE DEREITA)”.**
Consultor: PROYFE, S.L. / Autor: E.C.C.P. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ / Importe de execución por contrata: 51.373,21 €/ Novembro de 2006.

En relación co proxecto da referencia, Lino Ameneiro Seijo, Enxeñeiro de Camiños Municipal informa:

1.- O obxecto do proxecto que se informa consiste na reurbanización, novo ordenamento (parcial) de beirarrúa e substitución de servizos de saneamento de augas pluviais e alumeadado público, na Avenida Marqués de Figueroa en Perlío nun tramo da marxe dereita de baixada de 65 m, entre os cruces coas Rúas Antonia Montero e Xunqueira, en Perlío, cun trazado

condicionado polas alineacións fixadas no P.X.O.M./Rev. 98 do Concello de Fene e construcións existentes lixeiramente fóra de aliñación pero coa mazá totalmente consolidada.

As obras poden resumirse nas seguintes:

- Reposición de bordiños con axuste da ubicación na parada de autobuses.
- Sustitución do pavimento de beirarrúas mediante baldosas prefabricadas de formigón de cor clara de 60×40 cm² con tratamento final abuxardado. Execución de ramplas de acceso nos pasos peonís para mellorar as condicións de accesibilidade.
- Reposición de pavimento de calzada afectado polas obras.
- Sustitución da rede de saneamento actual de pluviais por tubería de PVC de $\phi = 630$ mm (deseñada para unha chuvia de período de retorno de 2 anos), con recollida de baixantes de edificios mediante arquetas.
- Alumeado (conducción de $\phi = 63$ mm) mediante columnas de dobre luminaria a dúas alturas (4,30 e 9,00 m) para distinguir a área peonil da calzada e reserva de servizos (4 tubos de PVC $\phi = 110$ mm).
- Disposición de Mobiliario urbano.
- Sinalización.
- Reserva de canalización para certos servizos.

2.- O Proxecto cumpre formalmente cos contidos documentais básicos requeridos no Art. 124 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e no Regulamento Xeral da L.C.A.P. en canto a memoria xustificativa e anexos, planos, prego de condicións, presuposto, estudo de seguridade e saúde, etc., especificándose o cumprimento da regulamentación vixente en materia de accesibilidade.

3.- As obras manteñen os criterios de tipoloxía, materiais de instalacións e pavimentos, seccións, mobiliario urbano, etc.; en suma, a formalidade xeral, xa aprobados e empregados para os proxectos de reurbanización dos tramos iniciais da Avda. Marqués de Figueroa, executados ata a actualidade ou ben pendentes de execución.

Por outra parte, o proxecto adopta a aliñación viaria prevista no PXOM/Rev. 98, co mesmo criterio empregado nos tramos anteriores de reurbanización consistente en deixar fóra de aliñación os edificios existentes que non se adaptan de maneira precisa á previsión, dispoñendo 2 carrís de circulación (1 por sentido), aparcamentos en liña e beirarrúa, con prevalencia de ésta fronte ao aparcamento no caso de edificios moi saíntes ou cando, como é o caso, os acordos entre aliñacións non permiten por razóns de visibilidade o aparcamento nas esquinas.

4.- Ao igual que nas fases anteriores debe facerse referencia a que as canalizacións previstas para reserva de servizos non se adaptan aos requerimentos fixados pola compañía de distribución eléctrica (UNIÓN FENOSA) nin de forma completa en canto a dimensións de arquetas e outros aspectos ós requerimentos xerais de TELEFÓNICA nin da compañía de comunicacións por cable R que está a implantarse en Fene e que dispón de rede nalgunha zona do concello.

Polo tanto, para evita-lo posterior levantamento de pavimentos en caso de instalación de novas redes das citadas empresas debería comunicarse a éstas a realización das obras polo Concello a fin de que, durante a execución das mesmas, se simultaneen as de urbanización coa posible montaxe dos servizos de titularidade privada, á conta de cada empresa interesada, si resultase de interese en función das respectivas previsións de substitucións, modificacións ou ampliacións de liñas segundo previsto no Art. 6.7.4.3 do vixente POM/Rev. 98 de Fene, en coincidencia coa execución das obras, para redución de custos e das molestias orixinadas.

5.- A titularidade da Avda. Marqués de Figueroa / AC-133 Fene-Mugardos corresponde á Xefatura de Estradas da Xunta de Galicia e as obras afectan non só ás beirarrúas senón tamén a zonas de calzada.

En consecuencia, calquera actuación na vía requirirá a previa autorización do titular sin a que non procede aprobación definitiva e inicio das obras xa que se invadirían competencias e dominio público alleo ó Concello. Por outra parte a sección proposta para o pavimento de calzada debe ser aprobado polo titular da estrada.

Debe tramitarse pois o proxecto para aprobación pola Xunta de Galicia debido á titularidade da vía.

6.- En resume, nos aspectos urbanísticos de competencia da Oficina Técnica Municipal o proxecto infórmase favorablemente en conxunto coas observacións do apartado 4, facendo constar en todo caso a necesaria aprobación previa do titular da estrada AC-133 e que o presente informe non prexulga as posibles condicións que poida impoñe-la Xefatura Provincial de Estradas á que debe ser tramitado o proxecto como titular da vía.”

PROPONSE A O PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO.

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria urxente celebrada en data 30 de novembro de 2006 e aprobar a inclusión no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2007 das seguintes obras e de acordo có financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto
“Dotación de servizos e pavimentacións en núcleos de Fene.”	243.464,72	82.416,97	325.881,69
TOTAIS	243.464,72	82.416,97	325.881,69

Segundo.- Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2007 e que se relaciona no punto anterior.

Terceiro.- Aprobar o Plan complementario do ano 2007 no que se inclúen as obras que a continuación se relaciónan:

Denominación da obra	Presuposto
“ Proxecto de mellora de seguridade vial na Avda. Marqués de Figueroa dende P.K. 0+755 ata p.k. 0+820 (Marxe dereita)”	51.373,21

Cuarto.- Adoptar o compromiso de realizar as actuacións pertinentes en orde a obter a total disponibilidad dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras así como para obter as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2007 os fondos necesarios para facer frente á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2007.

Sexto.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta prodúcese efectivamente.

Sétimo.- Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Áberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que quere facer referencia a que estas obras foron modificadas porque no pleno anterior que se fixo, o informe técnico fíxose no momento porque non houbo tempo antes por non contar cos proxectos e non había tempo material para entregar todo na Deputación, que recollido o informe técnico modifícase o tema dos camiños que foron tres concretamente, o camiño da Casa Vella que se seistúa dentro da mesma parroquia de Fene polo de Lodeiro de Arriba, en San Valentín sustitúese a senda peonil pola reurbanización da Avda. Cooperación e en Perlio cambiase o camiño de Mundín por unha fase nova en Marqués de Figueroa. Todas as obras que se meten de novo estaban xa recollidas nas propias discusións dos grupos no tema do POS eran obras que se quitaron no seu día porque o orzamento non daba para mais e houbo que quitálas e agora, atendendo aos criterios técnicos fanse estas obras, hai marxe desta semana para entregalo na Deputación, que se levou a comisión e se propuxo isto.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera, quen unha vez concedido manifesta que en primeiro lugar hai lembrar que como dicía antes o Concelleiro de Urbanismo, é o terceiro pleno no que se vai debater e intentar aprobar definitivamente o POS para o 2007, e lembrar que no primeiro que foi a finais de novembro, este POS quedou sobre a mesa a petición do grupo socialista co apoio tamén do grupo popular porque efectivamente as obras foron traídas a pleno sen o informe técnico correspondente, e o seu grupo tiña sospeitas de que algunhas das obras que estaban contempladas nese POS que non se axustaban ao plan xeral de ordenación municipal, que se fixo un pleno dous días mais tarde, no último día que a deputación lle daba aos concellos para remitir as obras que querían incluír no POS, que era o día 30 de novembro, xa cos informes técnicos pero efectivamente xa como sospeitaba o Partido Socialista había algunhas obras que non se podían facer porque obviamente non se axustaban ao plan. Houbo que aprobalo posto que era o último día senón do contrario todas as obras quedarían sin financiamento da Deputación. Agora finalmente ven a este pleno o POS definitivo no que xa se substitúen esas obras que eran informadas desfavorablemente polos técnicos, por outras que efectivamente contan co informe favorable, polo tanto como isto é o que o Partido Socialista reclamaba hai un mes, hoxe votará a favor deste plan de obras e servizos da Deputación. Quere destacar tamén que as obras que aquí se contemplan non na medida que a eles lles gustaría, pero polo menos están consensuadas cos grupos da oposición e en todo caso, son obras que as consideran necesarias para mellorar os servizos que se lles presta aos veciños e veciñas de Fene. As dúas últimas consideracións que quere facer é que hai unha das obras que todos ven necesarias, polo menos o Grupo Socialista, para executar na próxima lexislatura, que non poden estar incluídas neste POS porque non hai capacidade financeira para executálas sen que o Concello teña que recurrir a un crédito bancario, que o grupo socialista xa o descartou no seu momento, e polo tanto o que piden é que esas obras que quedaron fóra que sexan incluídas na negociación dos orzamentos do 2007 que espera que pronto o grupo de goberno inicie co grupo socialista e cos demais grupos da oposición. Polo tanto, que ningunha obra se quede sen executar, as que non poidan ir no POS que se

recollan no orzamento do ano 2007. En segundo lugar con respecto ao informe que fai o enxeñeiro municipal, quere rogar ao grupo de goberno que tome en consideración eses apuntamentos que fai o técnico pero especialmente dende o grupo socialista queren destacar o punto cuarto do seu informe porque lles parece importante e porque ademáis é o que xenera normalmente mais descontentos e mais inconvenientes para os veciños que di: *"...ó igual que nas fases anteriores da Avda. Marqués de Figueroa en Perlio, debe facerse referencia a que as canalizacións previstas para reserva de servizos non se adaptan aos requerimentos fixados pola compañía de distribución eléctrica (UNIÓN FENOSA) nin de forma completa en canto a dimensións de arquetas e outros aspectos ós requerimentos xerais de TELEFÓNICA nin da compañía de comunicacións por cable R que está a implantarse en Fene e que dispón de rede nalgunha zona do concello. Polo tanto, para evita-lo posterior levantamento de pavimentos en caso de instalación de novas redes das citadas empresas debería comunicarse a éstas a realización das obras polo Concello a fin de que, durante a execución das mesmas, se simultaneen as de urbanización coa posible montaxe dos servizos de titularidade privada, á conta de cada empresa interesada, si resultase de interese en función das respectivas previsións de substitucións, modificacións ou ampliacións de liñas, en coincidencia coa execución das obras, para redución de custos e das molestias orixinadas..."*. É dicir, en definitiva que se faga o que denuncian sistematicamente dende o grupo socialista e que cre que é o racional e o lóxico que é que ao mesmo tempo que se fan as obras de reurbanización e está en obras o vial, se acometan tamén as obras previstas de canalización por exemplo da rede de cable de R ou as que poda facer Unión Fenosa e Telefónica para que non pase o que tantas veces ven, que esteña a obra feita e que aos quince días, ao mes ou meses, se volva a levantar a obra outra vez para dotar deses servizos á xente que vive nesa zona. Con estas consideracións, como dicía ao principio e rogándolle ao grupo de goberno que en futuras ocasións non deixe para o último día a negociación do POS e que se empece a traballar moito antes nel e tamén rogarlle unha vez mais que por favor inicie a negociación dos orzamentos para o ano 2007 canto antes e para que se poidan abordar esas obras que non se poden incluír neste POS, o voto do grupo socialista vai ser a favor deste proxecto.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que dente o Partido Popular unha vez mais, non ven as cousas como as ven o resto dos grupos. As negociacións desta inversión foron largas, tortuosas, porque en ningunha ocasión se fixeron tantos plenos como houbo que facer desta vez para acadar un consenso. Tampouco nunca levou tanto tempo nin tantos proxectos a realizar, proxectos que hai que pagar con cartos do concello, proxectos que non terían que realizarse sequera si antes se consultara cos técnicos e se fixera unha previsión con tempo e razoada. Non só foi o problema de inversión o que fixo modificar estes proxectos senón que tamén algún proxecto que se realizou que non se podía levar a cabo e así o dicía o informe do técnico, e así o dixo unha vez que quedaron os informes sobre a mesa e con posterioridade se informaron os proxectos e se veu claramente que había proxectos como a senda peonil de San Valentín, ou como a Rúa Mundín, que algún grupo tiña moito interese en sacala adiante, cousa que non se podía facer e houbo que deixala no camiño. O seu grupo está de acordo con tódalas obras e inversións que se poidan facer no concello porque son moi necesarias, non só estas senón tamén as que faltan por facer, pero si pedirían un pouco mais de sensatez á hora de elaborar uns proxectos, de chegar a un consenso, que se deixaran as liortas políticas, e que se dedicaran de verdade a ir ao fondo da cuestión e non perder nin o tempo nin os cartos polo camiño, que é o que se fai cando se elaboran proxectos que hai que pagar e que a oficina técnica vai cobrar. Continúa a súa intervención a Sra. Blanco Pico e di que contando con que hai técnicos no Concello que cre que ninguén dubida da súa capacidade pediría que en posteriores ocasións, antes de elaborar un proxecto que veña de oficinas de fóra do concello, que se consulte cos técnicos municipais para que logo non haxa este problema de devolver ou de deixar no esquezo proxectos que non se poidan levar a cabo, iso facilitaría moito a súa labor e a labor das arcas tamén porque sería unha maneira de aforrar eses cartos que despois o Concello non ten para elaborar as obras,

por iso van votar a favor destes camiños pero con esas salvidades para que nas próximas ocasións se teñan en conta.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que é coñecido de todos que a EU lles gustaría que se aprobara dende un principio aquel primeiro borrador que tiñan consensuado mais ou menos entre todos, é verdade que había que ir a un crédito determinado, eles naquel momento non vían un gran inconveniente pola equidade que significaba fun reparto entre tódalas parroquias, dito isto, non se puido, as cousas son como son e non se puido continuar e é o que hai. A última hora houbo que facer tamén unha serie de modificacións como ben explicou o Concelleiro de Urbanismo, que os informes técnicos aconsellaban facer unha serie de cambios, confían nos técnicos e si había que facer esas modificacións non van ser quen digan o contrario, e a situación que hai nestes momentos é que as cousas se aproban ou non se aproban, eles sempre van estar de acordo en aprobar toda a serie de obras que se realicen e benefician ao pobo e por este motivo van votar afirmativamente.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que quere puntualizar dúas cousas, unha para dicirlle ao portavoz do PSOE que o punto catro do informe técnico efectivamente recolle o que dixo pero o recolle dende hai moito tempo tódolos informes e se fala con todas estas empresas para que fagan as súas canalizacións a tempo, dificilmente é así pois nin contestan, a última obra na que se falou con esta xente son as beirarrúas que estanse a facer por Marqués de Figueroa e a día de hoxe ninguén contestou, se lles comunica sempre e logo aparecen cando lles interesa a eles economicamente e non cando lle interesa ao Concello, e outra cousa sería que o Concello tivera medios para deixar estas obras feitas pero iso encarecería moitísimo as obras e tomar esa decisión agora mesmo conxuntamente sería inviable porque unha parte importante do proxecto serían estas canalizacións e ao mellor ao final non valían porque acaba de pasar con unha ou dúas fases de Marqués de Figueroa onde o tubo que se meteu naquel momento era o regulamentario, agora cambiáronlle as normas a R do canleado que ten que facer e xa non lle valía ese tubo e houbo que meter outro. Tamén quere agradecerlle ao PP que ao final vote a favor do POS e lle parece unha cousa moi lóxica e dicirlle tamén que ás veces hai que facer proxectos. Houberon discusións políticas, non co PP precisamente porque a día de hoxe non ten ningunha proposta do PP sobre o POS, sen embargo os demais grupos si presentaron propostas, se discutiron, e cando se deu listo o POS e así pasa moitas veces, non daba tempo a nese momento recoller o informe técnico, o compromiso era de recoller ese informe, que ademais quedou así recollida en acta, e se non daba tempo a traelo, traeríase ao pleno posterior, porque unha vez presentado o 30 de novembro había un mes ou mes e algo aínda para cambiar calquera cousa que xurdira.

Rematado o debate o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación ordinaria a proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, vivenda e Industria en data 26 de Decembro de 2006. A Corporación Municipal por unanimidade acorda prestar aprobación á Proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

2º.- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO CON DESTINO A ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo de datas 11 de Outubro de 2006 que transcrito literalmente di:

“DITAME SOBRE A PROPOSTA DE BASES DE SUBVENCIÓN MUNICIPAIS A ENTIDADES

Na xuntanza extraordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e turismo que tivo lugar o día 11 de outubro de 2006, dase conta da proposta de Bases de Subvencións ás Entidades sen fin de lucro con destino a actividades e investimentos que presenta o presidente da Comisión D. Xosé anxo González Tomé, que transcribo literalmente

«BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO CON DESTINO A ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS

1. OBXECTO E FINANCIAMENTO

Coa finalidade de apoiar ás entidades sen fin de lucro que leven a cabo actividades en materia de cultura, ensino, deportes e/ou promovan intereses xerais/sectoriais de veciños e veciñas convócase a concesión de subvencións para actividades desenvolvidas nas anualidades de 2005 e 2006 con cargo ao orzamento do Concello de Fene, de conformidade con estas bases e de acordo co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; no Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 195; na Lei 5/1997, de administración local de Galiza e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Aos citados efectos, e nos termos previstos orzamentariamente coas correspondentes dotacións nas partidas orzamentarias, o obxecto das axudas e subvencións abranguerá:

a) Transferencias correntes a entidades culturais parroquiais, partida 451.489.09.

Terán a consideración de entidades CULTURAIS PARROQUIAIS as que reúnan as seguintes características:

- Ser propietarias dun local social que permaneza aberto ao público regularmente e que se poida utilizar para o desenvolvemento de actividades sociocomunitarias.
- Desenvolver unha actuación globalizada; isto é, que non se reduza a grupos de intereses específicos.
- Ser a sociedade máis representativa da parroquia; isto é, a que conte cun maior número de asociados.

b) Transferencias correntes a entidades CULTURAIS NON PARROQUIAIS, partida 451.489.06

Terán esta consideración as sociedades que reúnan as seguintes características:

- Non ser propietarias dun local social que permaneza aberto ao público regularmente e que se poida utilizar para o desenvolvemento de actividades sociocomunitarias.
- Coexistir, no seu ámbito de actuación, con outras entidades máis representativas.
- Desenvolver unha actividade específica dun grupo de interese.

c) Transferencias correntes a COMISIÓNS DE FESTAS (asociacións ou comunidades de bens sen personalidade xurídica), partida 451.489.05.

d) Transferencias correntes a ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/As, partida 422.489.00.

e) Transferencias correntes a ENTIDADES DEPORTIVAS, partida 452.489.15.

f) Transferencias correntes á organización de EVENTOS DEPORTIVOS partida 452.482.00.

g) Transferencias correntes á organización de EVENTOS CULTURAIIS partida 451.482.00.

h) Transferencias correntes á organización de escolas deportivas e culturais das entidades, partida 451.489.08

Estas bases non serán de aplicación para aquelas actividades supramunicipais nas que participe o Concello, para as subvencións nominativas incluídas no orzamento municipal, para os convenios de colaboración como o que rexe o Obradoiro Literario e para aquelas actuacións promovidas polo concello (festividades, tradicións, conmemoracións, etc.).

2. DESTINATARIOS

Poderán concorrer e optar a estas subvencións as entidades, organismos ou asociacións legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos e fins:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver a súa actividade no Concello de Fene ou con beneficio para os veciños e veciñas de Fene.
- c) Estar inscritas ou ter solicitada a súa inscrición no rexistro Municipal de asociacións nos termos previstos na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e no vixente Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das entidades locais.
- d) Estar ao día das xustificacións de subvencións concedidas en anteriores exercicios ou ter solicitado unha prórroga debidamente xustificada e aprobada polo Alcalde-Presidente.
- e) Non adebedar cantidade ningunha ao Concello ou outra administración por calquera concepto.

3. ACTUACIÓNS SUBVENCIONÁBEIS

3.1.- As subvencións e axudas que se outorgan en cada convocatoria ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade a realización de actividades de carácter cultural, deportivo, de defensa de dereitos dos veciños e o mantemento das entidades que as desenvolvan, incluídas as festas patronais e as romarías.

3.2.- Non poderán ser obxecto de subvencións na correspondente convocatoria as actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans doutras administracións públicas, e en concreto da Xunta de Galicia ou Deputación Provincial, cando o importe destas últimas atinxa o 100% de actividade a realizar. Caso contrario poderá ser subvencionábel e complementario o importe da actividade na contía restante até chegar ao total do importe da actuación.

4. DOCUMENTACIÓN

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

4.1. Solicitude en modelo oficial (conforme Anexo I) na que figurará entre outros datos a contía da axuda solicitada, asinada polo presidente ou persoa autorizada, por escrito, polo mesmo.

4.2. Memoria explicativa das actividades desenvolvidas nos anos 2005 e 2006, que fará mención ás persoas beneficiarias directa ou indirectamente pola axuda e o calendario fixado e orzamento desagregado das actividades, coa expresión de ingresos e gastos previstos. (Anexo I)

4.3. Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.

4.4. Fotocopia dos estatutos polos que se rexa a entidade rexistrados na Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais ou no rexistro de entidades deportivas.

4.5. Certificación dos datos bancarios (conforme Anexo II)

4.6. Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante.

4.7. Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co concello (Conforme Anexo III)

4.8. Certificacións orixinais da Administración correspondente de estar ao corrente das obrigas tributarias co concello, Seguridade Social e Facenda.

4.9. Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria (conforme Anexo IV)

4.10. Declaración asinada polo/a secretario/a e co visto e prace do presidente/a, na que se fagan constar as contías das axudas asignadas, recibidas ou solicitadas a outras Administracións públicas para a mesma finalidade (Anexo I).

As entidades deportivas terán que achegar, ademais, certificacións orixinais expedidas polas federacións respectivas acreditando os equipos federados da sociedade nas tempadas 2004/2005 e 2005/2006 ou fichas compulsadas dos equipos-deportistas correspondentes ás citadas tempadas.

As comisións de festas terán que achegar cartel orixinal e demais propaganda anunciadora do evento que tivo lugar no ano 2006.

As entidades que soliciten subvencións para a creación de escolas culturais e deportivas terán que achegar ademais:

a) Memoria explicativa da actividade que realizaron no curso 2005-2006 con indicación expresa dos seguintes extremos:

- Nome da actividade.
- Instalación na que se desenvolveu.
- Enderezo da instalación.
- Datos persoais e titulación do monitor/a da actividade.
- Número de prazas ofertadas e cubertas.
- Listado e idade dos participantes.
- Criterios de admisión.
- calendario e horario de funcionamento da Escola.

b) Orzamento previsto de ingresos e gastos.

c) Acordo da Xunta Directiva da entidade aceptando a termos desta convocatoria e aprobando o proxecto de solicitude de subvención.

A documentación sinalada nos apartados 4.2, 4.3, 4.4 e 4.5 non terá que ser presentada se xa se entregou en anos anteriores e non houbo variación na mesma mediante declaración responsable de tal circunstancia. De existir cambios respecto ao ano anterior que afecten á xunta directiva, domicilio social ou aos Estatutos, deberán actualizarse no momento da solicitude, aportando os documentos que proceda.

5. PRAZO DE SOLICITUDES

5.1. O prazo para presentar as solicitudes é de vinte días naturais contados a partir do seguinte á publicación destas no BOP. As solicitudes entregaranse no Rexistro Xeral do concello de Fene.

5.2. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogábel de 10 días, indicándolle que, de non facelo, se lle terá por desistida a súa solicitude, previa resolución expresa e notificación ao interesado.

6. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A ORDENACIÓN, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

1. O instrutor/a dos expedientes e programa global será o Xestor de actividades culturais e deportivas Daniel Romero Rodríguez.
2. O órgano colexiado encargado de formular proposta de resolución estará integrado por:
 - o Xosé Anxo González Tomé, que actuará como presidente.
 - o Andrés González Vizoso, representante do B.N.G ou persoa na que delegue; Rita Couto Seijido, representante do B.N.G. ou persoa na que delegue; José Iván Puentes Rivera, representante do PSOE ou persoa na que delegue; Carlos García Bermúdez, representante do PSOE ou persoa na que delegue; M^a Pilar Fornos Corral, representante do PP ou persoa na que delegue; Manuel Sánchez Martínez, representante de EU ou persoa na que delegue.
 - o Don Daniel Romero Rodríguez
3. O órgano competente para resolver será o Sr. Alcalde-Presidente.
4. O procedemento para a concesión das subvencións será o seguinte: unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, o órgano instrutor realizará de oficio unha avaliación das solicitudes presentadas, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nestas bases.

Unha vez elevadas as solicitudes, o órgano colexiado deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada polo instrutor.

O órgano instrutor á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará proposta de resolución, debidamente motivada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Unha vez aprobada a proposta de resolución o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución, ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento é de tres meses. Este prazo computarase a partir da publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen notificar a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A publicidade das subvencións concedidas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello.

7. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

7.1. De carácter xeral

a) As subvencións teñen como obxectivo contribuír ao financiamento das actividades culturais, deportivas e educativas desenvolvidas polas entidades, así como ao seu funcionamento ordinario.

Por actividades culturais enténdense non só os actos puntuais (concertos, recitais, conferencias, etc.), senón tamén o investimento que realicen para o mantemento das instalacións (luz, teléfono.....), as actividades permanentes (material funxíbel ou inventariábel para obradoiros, grupos de creación, etc.) e as propias actividades estábeis (grupos de teatro, baile...) da asociación.

Por actividades deportivas enténdense só o deporte-competición federado, excluídos os equipos das categorías biberóns, prebenxamíns e benxamíns.

b) Subvencionaranse preferentemente aquelas actividades que contribúan á normalización da nosa lingua e cultura (entendendo esta contribución no seu sentido máis amplo)

c) Non serán obxecto de subvención as actividades suxeitas a un convenio de colaboración co concello ou as que xa recibisen unha subvención municipal directa (contía económica determinada) ou indirecta (trofeos, propaganda, cesión de material, etc.)

d) O importe da subvención poderá ser do 100% do custo da actividade ou investimento a realizar.

e) A obtención concorrente de subvencións doutras administracións ou entidades públicas ou privadas en ningún caso poderán ser de tal contía, que superen o custo da actividade, este suposto dá lugar a unha modificación da resolución de concesión.

7.2. A entidades culturais parroquiais e asociacións de nais e pais de alumnos/as

A distribución das subvencións efectuarase consonte cos seguintes criterios:

- Destínase un fixo do 40% da consignación orzamentaria para distribuír a partes iguais entre tódalas entidades solicitantes ao obxecto de contribuír aos seus gastos de funcionamento ordinario, acreditándose debidamente a realización de actividades mediante calendario correspondente aos exercicios subvencionados.

- Destínase o 60% da consignación orzamentaria a subvencionar as actividades e programas desenvolvidos polas sociedades consonte co seguinte sistema de puntos:
 - o Por coral, rondalla, banda de gaitas: 10 puntos/ano
 - o Por grupo de teatro, baile ou música: 80 puntos/ano
 - o Por escola ou obradoiro cultural: 70 puntos/ano
 - o Por semana cultural: 30 puntos/ano
 - o Por actividade cultural estábel: 50 puntos/ano
 - o Por actividade cultural puntual: até un máximo de 10 puntos/ano

7.3. A entidades culturais non parroquiais

A distribución das subvencións efectuaranse consonte cos seguintes criterios:

- Para a determinación dos puntos hase aplicar o seguinte baremo:
 - o Por coral, rondalla, banda de música: 100 puntos/ano
 - o Por grupo de teatro, baile ou música: 80 puntos/ano
 - o Por escola ou obradoiro cultural: 70 puntos/ano
 - o Por semana cultural: 30 puntos/ano
 - o Por actividade cultural estábel: 50 puntos/ano
 - o Por actividade cultural eventual: até un máximo de 50 puntos/ano

7.4. A Comisión de Festas

A distribución das subvencións efectuarase consonte cos seguintes criterios:

- Destínase o 4.5% da cantidade consignada no orzamento para subvencionar, coa mesma contía, cada unha das festas parroquiais que tiveron lugar no 2006.
- Destínase o 7.5% da cantidade consignada no orzamento para subvencionar, coa mesma contía, cada unha das romarías que tiveron lugar no 2006.

7.5. A entidades deportivas

A distribución das subvencións efectuarase consonte cos seguintes criterios:

- Destínanse o 25% da cantidade no orzamento para subvencionar, a partes iguais por instalacións, a cada entidade deportiva privada que teña instalacións propias (campos de fútbol, piscinas, pistas de tenis, etc.) sempre e cando non exista nesa parroquia instalacións municipais desa mesma tipoloxía.
- Destínase o 75% da cantidade consignada no orzamento para subvencionar aos equipos das sociedades mediante o seguinte sistema de puntos:
 - o Senior rexional 1ª ou 2ª: 50 puntos/equipo/tempada
 - o Fútbol xuvenil: 120 puntos/equipo/tempada
 - o Fútbol cadete: 120 puntos/equipo/tempada
 - o Fútbol infantil: 120 puntos/equipo/tempada
 - o Fútbol alevín: 120 puntos/equipo/tempada
 - o Equipos de categoría senior de baloncesto, balonmán, fútbol sala, tenis de mesa e outras modalidades deportivas: 30 puntos/equipo/tempada
 - o Equipos de categorías base destas modalidades deportivas: 90 puntos/equipo/tempada
 - o Xadrez, atletismo, karate, judo e outros deportes individuais: 5 puntos/ficha federada até un máximo de 120 puntos/tempada.

- Hase subvencionar con 10 puntos a cada equipo, sexa da categoría que sexa, que conte á súa fronte cun adestrador titulado. Este extremo acreditarase mediante a presentación da fotocopia do título.

7.6. A organización de eventos deportivos e de eventos culturais

O órgano Colexiado outorgará as subvencións de acordo cos seguintes criterios selectivos:

- Representatividade no concello da entidade ou asociación solicitante.
- Grao de interese e utilidade cidadá da actividade ou investimento proposto.
- O carácter permanente ou periódico das actividades (número de edición) agás que se trate de acontecementos relevantes que inciten á participación.
- Axudas recibidas ou solicitadas doutras entidades públicas ou privadas.
- A relación das actividades co mantemento das tradicións ou manifestacións culturais e artísticas locais.
- A relación das actividades coa promoción da práctica físico-deportiva e do deporte para todos.

7.7. Á organización de escolas culturais e deportivas polas entidades

Poderán acollerse a esta convocatoria, de xeito preferente, as asociacións veciñais e as sociedades culturais e deportivas, así como as asociacións de pais/nais de alumnos e alumnas das parroquias en que non haxa Planos Especiais ou oferta de Escolas Municipais.

As entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Desenvolver as súas actividades dentro do ámbito citado e que o período de funcionamento das Escolas solicitadas ao abeiro desta convocatoria sexa, polo menos, de 6 meses
- b) Carecer de fins de lucro
- c) Non percibir ningún tipo de axuda ou subvención doutra administración pública para a actividade que se solicita.
- d) Estar ao corrente das obrigacións tributarias municipais
- e) Estar ao día das xustificacións de subvencións concedidas no anterior exercicio ou ter solicitado unha prórroga debidamente xustificada e aprobada polo Alcalde-Presidente.

O órgano Colexiado recollido no punto nº 6 informará as Escolas a subvencionar consonte coas seguintes prioridades:

- a) Tratarse dunha modalidade que non estea cuberta coa oferta municipal ou cos planos especiais e para a que exista unha demanda contrastada.
- b) Tratarse dunha parroquia en que non haxa oferta doutras escolas ou na que non se subvencionaran outras escolas das entidades.

O Concello financiará cada Escola Deportiva ou Cultural seleccionada e dirixida aos menores de 18 anos coa 6% do total da cantidade consignada no orzamento por escola e curso. Para as Escolas orientadas aos maiores de 18 anos a contía da subvención será do 3% da cantidade consignada por escola e curso.

8. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

As entidades subvencionadas terán que:

- a) Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención mediante certificado expedido polo/a secretario/a da entidade co Vº e Prace do Presidente/a.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á intervención municipal, así como facilitar a información que o Tribunal de Contas lle requira.
- d) Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións para a mesma finalidade, inmediatamente despois de que se comuniquen.
- e) Realizar a propaganda das actividades en lingua galega e sinalar en todo tipo de publicidade que este investimento ou actividade conta co financiamento do concello coa expresión "promove" Concello de Fene. As Comisións de Festas comprométense a aplicar os principios establecidos na declaración "*Mil festas máis para a lingua galega*" suscrita polo Concello de Fene no tocante ao uso da nosa lingua na propaganda, presentación/repertorio das orquestras así como no referente ao uso de bandeiras e demais simboloxía.
- h) Proceder o reintegro dos fondos percibidos nos casos de incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas para os beneficiarios das subvencións.

No caso de entidades promotoras de escolas culturais e deportivas estas terán, ademais, as seguintes obrigas:

- b) Se os monitores reciben unha remuneración polo seu labor docente, a contratación correrá por conta da sociedade e terá que se axustar a algunha das modalidades establecidas na lexislación vixente nesta materia.
- c) Aboar tódolos gastos que ocasione a actividade.
- b) Permitir a inscrición a tódolos veciños/as da parroquia con independencia de que sexan ou non asociados da entidade promotora.
- c) Subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil para monitores e usuarios.
- d) Colaborar cos técnicos municipais

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

As subvencións concedidas aboaranse trala xustificación do investimento por parte da entidade. Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento da finalidade da subvención.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada polo beneficiario da documentación achegada.

O prazo de xustificación finalizará, en todo caso, o 30 de xaneiro de 2007, agás que se solicitara e concedera unha prórroga.

Para o pagamento das subvencións presentaranse os seguintes documentos:

- a) Facturas orixinais dos gastos ou fotocopias compulsadas das mesmas. O importe dos gastos xustificados debe ser como mínimo o da subvención concedida.

- b) Outros documentos de valor probatoria equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa que, baixo a responsabilidade do declarante, permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.
- c) Relación das subvencións concedidas por outras Administracións ou entes privados para o financiamento das actividades ou investimentos.

Cando se trate de actividades de corais, rondallas, bandas de gaitas, grupos de teatro ou equipos das diferentes modalidades deportivas para a percepción da parte da subvención que lles corresponde por este concepto unicamente será preciso acreditar a realización de actuacións/disputar encontros.

10. OUTRAS SUBVENCIÓNS

No caso de producirse actuacións, exposicións.... que non foi posíbel prever antes de rematar o prazo de solicitude de subvencións establecido nestas Bases, o Concello, a petición dos solicitantes, poderá conceder subvencións. A concesión destas subvencións esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o importe repartido entre as solicitudes presentadas dentro do prazo establecido non esgote a consignación orzamentaria.
- Que se acrediten no expediente os motivos que impediron a presentación da solicitude no prazo establecido.

11. RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral orzamentaria e no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido na lei reguladora de facendas locais e demais normas concordantes.

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á súa retirada, modificacións ou reintegro do importe da mesma, cos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención.

Para os casos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as bases de execución do orzamento do Concello de Fene para o exercicio de 2006 e a Lei 38/2004, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións."

Ábrese o debate e os membros da Comisión manifestan os eu acordo con esta proposta de Bases.

Rematado o debate o Sr. Presidente da Comisión somete a votación o asunto e por unanimidade a Comisión Informativa ditamina prestar a súa aprobación á proposta que se transcribe literalmente.

Someter á consideración do Concello Pleno a proposta de bases que transcrita literalmente "Bases da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fin de lucro con destino a actividades e investimentos".

Igualmente dáse conta da emenda ao ditame da Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Ensino, Xuventude e Turismo de data 11 de Outubro e que transcrito di:

"EMENDA AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, ENSINO, XUVVENTUDE E TURISMO DE DATA 11 DE OUTUBRO DE 2006.-

Xosé maría Rive4ra Arnoso, Alcalde-Presidente do Concello de Fene (A Coruña), visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Deportes, ensino e xuventude adoptado en sesión de data 11 de outubro de 2006, e considerandop que no mesmo, na transcripción das bases da convocatoria de subvencións direixidas a entidades sen fin de lucro non se conteñen os correspondentes anexos de conformidade co disposto no artigo 97.5 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, formula a seguinte proposta de modificación do ditame citado:

Incluír no ditame logo da transcripción das bases da convocatoria das subvencións os seguintes Anexos:

**ANEXO I
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES OU INVESTIMENTOS.
EXERCICIOS 2005-2006.**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

Denominación: _____
NIF/CIF: _____
Nº de conta: ____ / ____ / ____ / _____

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Enderezo: _____
C.P. : _____ Localidade: _____

DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos: _____ NIF: _____
Teléfono: _____ Relación coa entidade: _____
e-mail: _____

PROGRAMA AO QUE SE ACOLLE (Marcar cunha cruz o que proceda):

TIPO DE ENTIDADE	PROGRAMA	
Cultural	Cultural parroquial	
	Cultural e veciñal non parroquial	
	Comisión de Festas	
	Eventos culturais	
Deportiva	Entidades deportivas	

	Eventos deportivos	
ANPAS	Actividades	

Corais, rondallas e outros grupos musicais / teatrais cos que conta a entidade

TIPO ¹	NOME DO GRUPO	PUNTOS ²

Escolas ou obradoiros culturais/deportivos³

MODALIDADE ⁴	PERIODO DE FUNCIONAMENTO E Nº MATRICULADOS	PUNTOS ⁵

Actividades estables organizadas durante os ano 2005-2006.

DATA	ACTIVIDADES REALIZADAS	PUNTOS ⁶

¹ Indicar o grupo do que se trata de coral, rondalla, coro xuvenil, etc
² A cubrir pola Administración
³ Incluír só aquelas que non teñan subvención municipal
⁴ Indicar a modalidade de obradoiro/escola: mecanografía, gaita, ...
⁵ A cubrir pola Administración.

--	--	--

Asinou algún tipo de convenio de colaboración co Concello? Si Non

Ademais desta, recibe algún tipo de subvención? Si Non

Conta con instalación propia obxecto de subvención municipal? Si Non

En caso afirmativo, especificar o nome da instalación:

Equipos cos que contou na tempada 2004/2005 e 2005-2006?

DEPORTES COLECTIVOS

Adestradores con titulación¹⁰:

NOME	TITULACIÓN	PUNTO

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS E INGRESOS

GASTOS:

CONCEPTO	GASTO

¹⁰ Non incluír os dos equipos obxecto doutro convenio ou subvención.

¹¹ A cubrir pola Administración.

INGRESOS

CONCEPTO	INGRESO
Cotas socio/as	
Cotas escolas	
Subvencións Xunta de Galicia	
Subvencións Deputación provincial	
Patrocinadores ¹²	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (PARA TODAS AS SOCIEDADES)

- Solicitud en modelo oficial na que figure, entre outros datos, a contía da axuda solicitada, asinada polo presidente ou persoa autorizada.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade¹³.
- Fotocopia dos estatutos polos que se rexa a entidade¹⁴.
- Certificación dos datos bancarios¹⁵.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante¹⁶.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co concello.
- Certificacións orixinais da Administración correspondente de estar ao corrente nos pagamentos co Concello, Seguridade Social e Facenda.

¹² Indicar quen é o patrocinador e actividade que patrocina

¹³ Non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación na mesma.

¹⁴ Non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación na mesma.

¹⁵ Non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación na mesma.

¹⁶ Non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación na mesma.

- Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.
- Declaración asinada polo/a secretario/a e co visto e prace do presidente/a, na que se fagan constar as contías asignadas, recibidas ou solicitadas a outras Administracións públicas para a mesma finalidade.
- Memoria explicativa das actividades a desenvolver, que fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda e o calendario fixado.
- Orzamento desagregado da actividade, coa expresión de ingresos e gastos previstos.
- Certificación orixinal expedida pola Federación acreditando os equipos federados da sociedade na tempada 2003-2004 ou fichas compulsadas dos equipos ou deportistas correspondentes á citada tempada¹⁷.
- Carteis orixinais e demais propaganda anunciadora dos eventos¹⁸.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE ACHEGA (SÓ PARA ENTIDADES QUE SOLICITEN SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN DE ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS)

- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar con indicación dos extremos que se especifican nas bases de subvención (Nome da actividade, instalación,...)
- Orzamento previsto de gastos e ingresos
- Acordo da Xunta directiva da entidade aceptando os termos desta convocatoria e aprobando o proxecto de solicitude de subvención.

ANEXO III

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE E DO NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE

Don/Dona _____

Con DNI nº _____ como secretario da entidade

CERTIFICA:

Que ra nreunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día _____ adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude:

¹⁷ Só para entidades deportivas

¹⁸ Para Comisións de festas

Así mesmo, acordouse nomear a don / dona

representante para as relacións desta entidade co concello.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en

_____, o _____ de _____ de 200__

Vº e Prace
O presidente,

Asinado:
O secretario,

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE E DE ACEPTACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA.

(Esta declaración deberá realizala a persoa nomeada como representante)

Don/ Dona _____

Con DNI nº _____ como representante da entidade

DECLARA:

Que non está incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da Administración pública e que coñece e acepta as bases da convocatoria.

_____, _____ de _____ de 200__”

Consta no expediente Nota de Secretaría 25/2006 de data 18 de Decembro de 2006 que transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

25 /2006

Téndose presentado nesta Secretaría Providencia da Alcaldía relativa a bases da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fin de lucro con destino a actividades e investimentos, e informe de Intervención de data 28 de novembro de 2006, por esta Secretaría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais (R.O.F.) fanse as seguintes observacións:

A) *Dende o punto de vista formal, e sen prexuízo do que se dirá verbo do fondo do asunto, fánse as seguintes observacións:*

Documentación examinada:

- *Providencia da Alcaldía relativa a bases da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fin de lucro con destino a actividades e investimentos.*
- *Informe de Intervención de data 28 de novembro de 2006.*

A documentación examinada non se atopa numerada nin asinada en todas as súas follas útiles polo funcionario encargado da súa tramitación, tal e como esixe o artigo 164.2 do R.O.F, polo que se formula a oportuna obsevación.

Non consta na documentación examinada proposta de acordo nin dictáme da Comisión Informativa (pese a que na providencia da Alcaldía alúdese ao dictáme favorable da Comisión Informativa de Cultura, ensino e deportes de 11 de outubro) que conteña unha parte expositiva e un acordo a adoptar).

Achégase, como se sinalóu, unha providencia da Alcaldía na que se sinala "... Visto o dictáme favorable da Comisión informativa de Cultura, Ensino, Deportes que tivo lugar o 11 de outubro e coa finalidade de apoiar ás entidades sen fin de lucro que leven a cabo actividades en materia de cultura, ensino, deportes e/ou promovan intereses intereses xerais/sectoriais de veciñe e veciñas 1. Sométese á consideración do Concello Pleno a proposta de bases de subvencións ditaminadas pola citada Comisión Informativa e que transcritas literalmente din:....." Dita providencia, a xuízo da que subscribe, non pode considerarse como proposta de acordo xa que, dunha parte as providencias son actos de trámite, dictados durante a sustanciación do procedemento para dar curso ao mesmo, e doutra, por canto a mesma non contén o acordo a adoptar.

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe, e dende o punto de vista formal, débese, con carácter previo ao sometemento do asunto ao órgano resolutorio competente, subsana-lo expediente mediante a incorporación da proposta de acordo, dictáme da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Ensino debidamente dilixenciado polo Secretario de dita Comisión.

B) *En canto ao fondo do asunto, coas limitacións propias desta nota, fanse as seguintes observacións:*

b.1) O artigo 9.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS) establece que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións se haberán de aprobar as normas que regulan as bases reguladoras da concesión nos termos establecidos na Lei.

O artigo 17 da referida Lei contén a normativa aplicable ás bases reguladoras. De acordo có apartado 2, no ámbito das corporacións locais se deberán aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou dunha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

O contido da norma reguladora de subvencións será como mínimo o seguinte:

- a) *Definición do obxecto da subvención.*
- b) *Requisitos que haberán de reunir os beneficiarios para obter a subvención, forma e prazo en que se deban presentar as solicitudes.*
- c) *Condicións de solvencia e eficacia que haxan de reunir as persoas xurídicas ás que se refire o apartado 2 do artigo 12 da lei.*
- d) *Procedemento de concesión da subvención*
- e) *Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.*
- f) *Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.*
- g) *Órganos competentes para a ordenación, instrucción e resolución do procedemento de concesión da subvención e o prazo en que serán notificada a resolución.*
- h) *Determinación, no seu caso, dos libros e rexistros contables específicos para garantir a axeitada xustificación da subvención.*

- i) *Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario ou da entidade colaboradora, no seu caso, do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.*
- j) *Medidas de garantía que, no seu caso, se considere preciso constituir a favor do órgano concedente, medios de constitución e procedemento de cancelación.*
- k) *Posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán aportar os beneficiarios.*
- l) *Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.*
- m) *Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvención, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesquera Administracións públicas ou entes privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- n) *Criterios de graduación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario, ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.*

Polo que respecta ao procedemento de aprobación de bases reguladoras de subvencións, dado que o Concello de Fene non conta cunha Ordenanza xeral de subvencións nin con unha Ordenanza específica que regule este tipo de subvencións, en atención ao establecido no artigo 17. 2 da LXS, o procedemento a seguir, a xuízo da que subscribe é a aprobación polo Pleno da Corporación das bases reguladoras ben a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou dunha específica que regule este tipo de subvencións, que haberán de axustarse en canto a súa tramitación ao disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (aprobación inicial polo Pleno, información pública aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias e resolución de reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional).

b.2) Examinadas as bases das subvencións, cómpre sinalar o seguinte:

b.2.1) A base 2 establece como un dos requisitos das entidades, organismos ou asociacións legalmente constituídas, para poder concorrer e optar ás subvencións o de estar inscritas, ou ter solicitada a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións nos termos previstos na Lei Órgánica 1/2002, do 22 de marzo e no vixente Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Verbo esta previsión contida nas bases cómpre sinalar, en primeiro lugar que de conformidade có disposto no artigo 236.1 do R.O.F, os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños nos artigos 232, 233, 234 e 235 do devandito Regulamento só serán exercitables por aquelas entidades que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. Entre os dereitos citados en dito precepto se atopa o contemplado no artigo 232 que preceptúa que na medida en que o permitan os recursos presupostarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como as actividades que realicen.

Polo tanto, en atención ao disposto no artigo 236 do R.O.F. só as asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións poden ser subvencionadas, polo que, a xuízo da que suscribe, non se axusta ao disposto na normativa vixente o outorgamento de subvencións a aquelas que non se atopen inscritas no devandito rexistro, por canto o feito de ter solicitada a súa inscrición no mesmo non pode equiparse a alta .

Por outra banda, e en canto ao Rexistro Municipal de Asociacións, cómpre sinalar que de o artigo 236.4 do R.O.F. establece que éste se levará na Secretaría Xeral da Corporación.

Neste mesmo senso, o artigo 2.j do Real decreto 1174/1987 polo que se establece o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional establece que a función de fe pública comprende (...) j) levar e custodiar os rexistros administrativos da Corporación, tales como o Rexistro de Intereses dos membros da Corporación e o Inventario de Bens da Entidade.

Resulta, polo tanto, que a levanza e custodia do Rexisto Municipal de Asociacións constitúe unha función reservada, atribuída á Secretaría Xeral da Corporación.

Neste concello o Rexistro de Asociacións, segundo se informou a esta Secretaría verbalmente estase a levar no Departamento de Cultura, o que supón unha infracción do disposto nos preceptos anteriormente citados. Por elo, por esta Secretaría se solicita da Alcaldía se dispoña o pertinente en orde a que se entregue a esta Secretaría o devandito rexistro xunto con toda a documentación correspondente ao mesmo ao obxecto de poder cumprir a función de levanza e custodia do mesmo atribuída pola normativa vixente.

b.2.2) Na base 7 régulanse os criterios para a concesión das subvencións.

O artigo 232 do R.O.F. no seu parágrafo segundo establece que “2. En tal caso, el presupuesto municipal incluirá una partida destinada a tal fin, y en sus bases de ejecución se establecerán los criterios de distribución de la misma que, en todo caso, contemplarán su representatividad, el grado de interés o utilidad ciudadana de sus fines, su capacidad económica autónoma y las ayudas que reciban de otras entidades públicas o privadas.”

E o artigo 255.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece: “A asignación de medios e distribución de axudas, se é o caso, efectuarase con criterios obxectivos, de acordo coa representatividade das asociacións”.

No suposto que se examina, os criterios contidos na base 7 das examinadas non se axustan, a xuízo da que subscribe, ao disposto nos preceptos legais e regulamentarios anteriormente sinalados.

b.2 3) Na base 6, apartado 2 régulase o órgano colexiado encargado de formular proposta de resolución, non prevéndose quen exercerá as funcións de Secretaría do mesmo.

O artigo 25 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que “Los órganos colegiados tendrán un Secretario que podrá ser un miembro del propio órgano o una persona al servicio de la Administración Pública correspondiente”.

Polo tanto, a xuízo da que subscribe as bases deben especificar quen exercerá as funcións de Secretaría de dito órgano colexiado.

Establécese tamén nesta base que a publicidade das subvencións concedidas realizarase no taboeiro de anuncios do Concello. Dado que non se establecen nas bases a contía máxima a conceder a cada beneficiario, cómpre ter en conta que, á vista do preceptuado no artigo 18 da LXS, cando os importes das subvencións concedidas individualmente consideradas excedan de 3.000 euros, deberá publicarse ademáis de no taboeiro de anuncios, no diario oficial correspondente un extracto da resolución pola que se ordea a publicación, indicando os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro.

b.2.4).. Na base 7.7 recóllese a “organización de escolas culturais e deportivas”.

Entre os requisitos que deben cumprir as entidades solicitantes non se contempla o de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social (só alúdese a estar ao corrente das obrigas tributarias municipais), requisito éste necesario par obte-la condición de beneficiario, segundo o establecido no artigo 13 da LXS.

Por outra banad, non se regula nesta base órgano instructor, documentación a presentar, prazo de presentación, prazo de resolución e tódolos demais extremos que se establecen nos artigos 13 a 23 da LXS. Para o caso de que rixa o disposto para as outras subvencións, a xuízo da que suscribe debería especificarse nesta base.

b.2.5) Na base 9 régulase a xustificación e pagamento, prevéndose na mesma, entre outras cousas que “... Cando se trate de actividades de corais, rondallas, bandas de gaitas,

grupos de teatro ou equipos das diferentes modalidades deportivas para a percepción da parte da subvención que lles corresponde por este concepto unicamente será preciso acreditar a realización de actuacións/disputar encontros.”. A xuízo da que subscribe, esta previsión das bases non se axusta ao disposto no artigo 30.3 da LXS que establece que os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, por esta Secretaría infórmase que as bases non se axustan nos aspectos sinalados ao disposto na normativa vixente, polo que se informan desfavorablemente.

En todo caso reitérase a solicitude formulada no apdo.b.2.1) relativa á entrega do Rexistro de Asociacións e a documentación correspondente ao mesmo.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa catro (4) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, requiren dun exame máis coidado do expediente polo que as observacións feitas quedan condicionadas ás consideracións posteriores que poidan derivarse dun informe emitido de acordo có que dispón a normativa aplicable.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que quere deixar constancia simplemente de que unha vez mais vense ao pleno para tomar unha decisión neste caso sobre as bases das subvencións a entidades con informes desfavorables de Secretaría e Intervención, a pesares diso, supón que será cuestión de todos traballar para que isto non se siga producindo porque loxicamente aos políticos nos deixa nunha situación un tanto incómoda porque por unha banda o seu grupo entende que as asociacións de que se trata nestas bases que son as asociacións parroquias e as distintas entidades de Fene están a facer unha labor importantísima e chegando a ámbitos que o Concello de Fene non ten capacidade económica para chegar a eles, unha labor que ten que ser loxicamente subvencionada polo Concello, polo tanto, entenden que o responsable, o ético, e o cabal democraticamente é apoiar estas subvencións e aceptalas tal e como están porque para eles non plantexa ningunha obxección a súa redacción, pero sempre co condicionante de que os técnicos municipais, tanto Intervención como Secretaría neste caso, nos din que non se axustan á lei, que en todo caso o informe de intervención deixa claro que simplemente informa desfavorablemente pero di que este reparo non terá carácter suspensivo, que as consideracións que se dan no informe de Secretaría parécenlle requisitos formais e legais que non entrarían en contradicción co espírito real da subvención e co importante que é financiar as actividades que as diferentes asociacións promoven ao longo do ano, e polo tanto, o grupo socialista votará a favor e as vai apoiar.

A continuación a Sra. Blanco Pico pide o uso da palabra quen, unha vez concedido manifesta que dende o grupo do Partido Popular queren facer constar unha vez mais que non só estas bases teñen un informe negativo senón dous, tanto por intervención como por secretaria, que estas bases leváronse á comisión informativa de cultura o 11 de outubro, polo tanto aquí si cre que houbo tempo dabondo para corrixir estes erros, porque imaxina que son erros á hora de elaborar as bases, e poder traelas a este pleno cun informe negativo senón con dous informes a favor, unha vez mais non se fai e cren que sería favorable para todos, tanto para os grupos políticos que poderían votar a favor dunhas bases que contan con informe positivo de dous organismos, senón para as sociedades que non se atoparían con atrancos que ao mellor poderían atoparse á hora de levar a cabo as solicitudes de subvencións, elas van ser un pouco mais cautas en vanse abster.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez, quen unha vez concedido manifesta que en tódalas comisións que houbo ao longo deste proceso, EU sempre estivo votando a favor, non hai ningún motivo que o desaconselle, si é verdade que hai dous informes negativos pero estes son cunha serie de matices tamén. Este ano cambiou a lei, hai que ir

adaptándose a ela e esperan que para o ano que ven estes problemas estén solucionados, e o que mais interesa é que as sociedades para o ano que ven reciban as subvencións moito antes que este ano e non haxa que esperar ata tan tarde, e tendo en conta esa serie de cousas que todos coñecen e das que xa se falaron, por ese motivo van seguir votando afirmativamente.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que é certo que as subvencións se trouxeron despois dunha discusión en cultura alá polo mes de outubro, pero cre que hai que facer historia e ver o que se quixo aprobar e o que ao final, incluso cos informes negativos, sacaron adiante. En outubro cando se presentaron estas bases, como se fixeron case tódolos anos e que apoian dunha maneira decidida ás entidades sociais e se lle procura que nos manden a menos documentación posible e eliminar burocracia porque realmente a maioría das actividades que elas fan, o Concello e os Concelleiros e as persoas que están aquí as coñecen, intentaron dende sempre conxugar o que é o criterio de secretaría, intervención e adaptación á nova normativa, que aí é onde está o problema, non é un problema técnico, son problemas de filosofía política, as subvencións actuais e a lei de subvencións prexudica notablemente ás entidades, e está convertendo ou quere converter ás entidades en burócratas ou a desaparición das mesmas, xa o dixeron en moitas ocasións e o seguen repetindo, si se cumpre o plan de entidades sociais e a normativa de entidades sociais do Concello de Fene, as subvencións do 2006 non cobra unha, porque o que pedían e esixiron os técnicos era duplicar o número de facturas que teñen que presentar as sociedades de cara ao seu cobro, polo tanto, si se fai iso a maioría das entidades que temos no concello, que son entidades pequenas onde a maior parte das actividades as fan os propios directivos e que ao final teñan que estar pasando factura incluso por ir a buscar un carro de leña para facer unha sardiñada, iso queren rexistralo como puntos, como fixeron sempre, e en base a esa puntuación darlle o diñeiro, o problema é que houbo moita discusión tanto con secretaría como con intervención para ver como sen ser ilegais as adaptabamos ao funcionamento das entidades do noso Concello, que lle parece que algunhas persoas non se decatan de onde están, é dicir, si se poñen os 1800 euros que ten unha entidade deportiva se quedan sen ela porque a maioría dos traballos os fan eles e iso non pode cobrarse nin pode facerse como percepcións, que se chegou a un acordo cre cos grupos políticos e tamén na comisión de cultura de sacar estas subvencións deste ano así, crear unha ordenanza de subvención o mais favorable e están traballando niso os técnicos, para que, sen desvirtuar a forma de que teñen que traballar as entidades sociais do concello non implique vulnerar a lei, eso si que non o queren facer pero que se poida reducir ao máximo como se estaba a facer ata agora, o que é a presentación de documentación e a presentación de facturación, iso é o tema, e claro que trouxo problemas e ao final non conseguiron convencer de todo a estes técnicos e os informes son negativos, pero non son tan negativos posto que se basean en aspectos puramente técnicos, pero xa di que o fondo é a posta en funcionamento dunha lei que ás sociedades pequenas as vai eliminar como o adaptemos totalmente, ese é o problema.+

Rematado o debate o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación ordinaria a emenda ao ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e turismo de data 26 de Decembro de 2006, co seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13) dos/as señores/as Rivera Arnosó, González Vizoso, Martínez González, Pico Sanmartín, González Tomé, Permuy Martínez, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Tres (3) das señoras Blanco Pico, Malvar Fernández e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo de data 11 de Outubro de 2006 coas modificacións que resultan das emendas aprobadas e transcritas anteriormente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás once horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº e praxe,
Alcalde-presidente

A secretaria acctal,,

Asdo. Xosé Mª Rivera Arnoso.

Asdo.: Mª del Pilar Acebes Ruano.